

## Entrevista | Armindo Salgueiro

ARTISTA DEZANO



A feria das vanidades cobrará vida na obra de Salgueiro con carteis das rúas de Berlín | M. MÍGUEZ

# «O crisol da arte de Lalín segue a funcionar e hai canteira»

Armindo Salgueiro prepara para fin de ano unha mostra en Santiago que ten como inspiración imaxes de Vanity Fair

**Rocío RAMOS**

LALÍN

A Armindo Salgueiro (Piloño-Vila de Cruces, 1964) a pintura veulle impresa nos xenes. Ao seu pai, carpinteiro de profesión, tiráballe o debuxo, e o rapaz non podía ser menos.

—**Todo artista ten un mestre, ¿cal foi para vostede?**

—Cando veu Paco Lareo de América a Piloño chegou con moita obra, con un gran colorido. Impactoume, foi o meu primeiro contacto directo ca arte. Logo creouse A Solaina. Abriuseme un mundo novo. Foi aí cando me propuxen empezar a estudar arte e tirar por ese camiño. Primeiro fixen deliñación, logo fun a Santiago á Escola Mestre Mateo a facer pintura e rematei na Escola Eina, en Barcelona. Logo voltei para aquí e adiqueime a partires do 93 profesionalmente á pintura.

—**Un sempre ten influencias, ¿as súas de onde veñen?**

—As primeiras de Dalí, dos clásicos españois. Logo un vai viaxando e vaise influenciando do que ve. Tiven unha vertente máis conceptual, popera. As influencias son variadas desde Caravaggio a Tapies ou Warhol, que me marcou especialmente.

—**¿Pertencer a Deza ou a Lalín, cuna de pintores como Laxeiro ou Antón Lamazares marca?**

—Sí, é certo que se creou un especial caldo de cultivo. Cando un non ten referencias é difícil comenza neste eido. O crisol de Lalín segue funcionando. Hai un montón de xente nova que está saíndo. Hai canteira.

—**¿Axuda dicir que un vén de Lalín cando un é artista?**

—Unha axuda sempre vén ben. Comprobeino en Berlín. Cando me presentaban a xente pensaba que, ou Lalín era un pobo moi grande ou todos eramos artistas. A nivel nacional hai moito mito con Lalín. Eiquí sempre houbo unha solidariedade. Laxeiro e Lamazares sempre empurraron.

—**En Berlín estivo cunha beca do Concello, ¿como foi a experiencia?**

—Moi boa, alí ademais está Antón Lamazares que é un bo embaixador da comarca. Cando estiven alí, con el, coincidimos catro artistas de aquí. Antón foinos abrindo moitas portas. Berlín foi unha aventura moi interesante. É unha cidade que está desprazando a Londres no mundo da arte e para un artista é imprescindible pasar por Berlín, respírase arte nas rúas, coa vantaxe que a cidade resulta moi asequible para un español.

—**¿En que traballa agora?**

—Estou nunha colectiva na galería Metro de Santiago que remata a fin de mes e para fin de ano estou preparando unha individual na mesma galería.

—**¿Que traballos vai a expor?**

—Estou traballando en obra nova. É un proxecto que xurdiu na viaxe a Berlín. O fío conductor é a revista Vanity Fair. O propio título da revista o di todo. As imaxes das portadas son espectaculares. A nivel pictórico utilizo a imaxe da revista, desvirtúoa e vólvoa compor. Na obra estou empregando anacos de carteis publicitarios arrinca-

dos das rúas de Berlín.

—**¿Como definiría o seu estilo?**

—Moveríame entre o pop e a arte conceptual. Bebo de moitas fontes. O eclecticismo forma parte da miña personalidade.

—**¿Algo propio, unha cor?**

—Utilizo unha paleta cromática moi barroca. Se hai un elemento de unión entre as obras pode ser o uso dos ponpóns, dos círculos que están sempre presentes e que se poden interpretar como un escamoteo da realidade, unha camuflaxe da sociedade. Un punto de unión é a crítica aos medios, a utilización abusiva das imaxes.

—**Vostede recorre tamén nalgunhas obras á fotografía.**

—A fotografía sempre me tirou moito. En Santiago fixen tamén fotografía pero utiliceina pouco. Antes era moito máis complexo. Agora estouna aplicando misturando pintura e fotografía, misturoo, fago collage. A base do debuxo sempre estivo presente.

—**Antes falabamos do clan de Lalín, aínda que non sexa moi correcto, ¿degue existindo?**

—Hoxe globalizouse todo. Cada quen é a súa historia. Antes había grupos diferenciados, pero hoxe a xente ten acceso a todo a través de Internet, os museos, a literatura.

—**¿Que consello lle daría aos máis novos?**

—Traballar, traballar e non desesperar unha vez que escolles o mundo da arte. Isto é unha forma de vida. É difícil vivir da arte a nivel profesional pero a receita é perseverancia e amor polo que se fai.

**Edificio O CONDE** silleda

PISOS DE 2 DORMITORIOS  
DESDE 66.600 € + IVA

PISOS DE 3 DORMITORIOS  
DESDE 93.600 € + IVA

Plaza de garaxe + trastero  
incluído  
y otras innovaciones)

**LOCALES  
COMERCIALES  
PLAZAS  
DE GARAJE**

donde la confianza es seguridad

- Fachada de piedra natural
- Carpintería interior en maderas nobles
- Calefacción totalmente instalada
- Doble ventana de aluminio
- Plaquetas y alicatados de primera calidad
- Trastero,...

CONSTRUCTORA & PROMOTORA  
**Hnos. POL y CIA, S.L.**

C/Alcalde Ferreiro, 10  
Tel. 986 78 13 35 Fax 986 78 37 03  
LALÍN  
E-mail: lhermanospol@terra.es

**RECAMBIOS**  
**deza**  
C.B.

**RECAMBIOS Y ACCESORIOS  
DEL AUTOMOVIL EN GENERAL**

C/Arenal, 62 - Tels.: 986 787 071 - 986 787 072 - Fax: 986 787 411 - LALÍN

**UNIÓN AGRARIAS  
UPA**

**O teu Sindicato  
a túa Forza**

**NOVA DIRECCIÓN  
en LALÍN**

LALÍN: Ramón Aller, 67 baixo  
Teléfono: 986 783 693  
Fax : 986 787 343

RODEIRO: Xeral Lalín-Chantada  
Teléfono: 986 790 270

**LTM**  
Lalín Móvil, s.l.  
AUTOMOVILES

**NUEVOS  
SEMINUEVOS  
KM. 0  
MULTIMARCA  
CARROCERÍA  
MECANICA  
PINTURA**

DISTRIBUIDOR OFICIAL  
DE COCHES SIN CARNÉ  
AIXAM y MEGA

Corredoira, 61 - LALÍN (Pontevedra) - Tfnos. 986 780 431 - 986 780 826  
Móvil 649 441 600 E-mail: lalinmovil@teleline.es

**XÓVENES  
AGRICULTORES**  
**ASAJA GALICIA**

W. Calvo Garra, 9 - Entlo. - LALÍN Tel. 986 783 798 - Fax. 986 783 799

**SER DOANTE DE ÓRGANOS, É AMAR A VIDA**

**Coruña  
Alcer**

ASOCIACIÓN  
PARA A LOITA  
CONTRA AS  
ENFERMEDADES DO RIL

Hotel de Pacentes Hospital Juan Canalejo - Xubias, 84, Planta semisoto  
Tel. e Fax: (981) 29 87 59 - 15006 A CORUÑA  
www.alcercoruna.org e-mail: info@alcercoruna.org